



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Grao en Lingua e Literatura Galegas

Traballo de Fin de Grao

**“¿Pero na oralidade? ¡bueno, ho! ¡que el cuerpo varía!”.
Ideoloxías lingüísticas e (des)estandarización en galego**

Alicia López Besteiro

Titor: Xosé Luís Regueira Fernández

Ano académico 2023-2024

Formulario de delimitación do título e resumo
Traballo de Fin de Grao curso 2023/2024

APELIDOS E NOME:	López Besteiro, Alicia
GRAO EN:	Lingua e literatura galegas
(NO CASO DE MODERNAS) MENCIÓN EN:	
TITOR/A:	Xosé Luís Regueira Fernández
LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA:	Pragmática, análise do discurso e lingüística do texto.



SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:

Título: “¿Pero na oralidade? ¡bueno, ho! ¡que el cuerpo varía!”. Ideoloxías lingüísticas e (des)estandarización en galego.

Resumo

A ideoloxía lingüística con máis forza nas actuais sociedades occidentais é a ideoloxía do estándar (Milroy & Milroy, 1993; Gal, 2006 e 2018): a crenza de que hai unha única forma correcta de falar e de que unha sociedade para ser moderna necesita ter unha variedade estándar para o seu uso na vida pública. Con todo, nesta época de modernidade tardía, algúns sociolingüistas rexistran procesos de desestandarización en distintas linguas europeas (Coupland & Kristiansen, 2011; Kristiansen, 2021), é dicir, un certo debilitamento desa idea de superioridade absoluta do estándar. Isto non ocasiona que a ideoloxía do estándar perda a súa lexitimidade, pero si volve máis complexa, multidimensional e mesmo contraditoria a relación entre o estándar e a variación. Neste sentido, o obxectivo deste traballo é estudar en que medida se pode estar dando un proceso de desestandarización tamén no galego. A investigación baséase nun corpus de grupos de discusión, formados por mozas e mozos universitarios, sobre temas metalingüísticos. O noso marco teórico é o que McLelland (2021) denomina “estandardoloxía da terceira vaga”, que se centra na dimensión ideolóxica da estandarización, especialmente en contextos multilingües. Desde a perspectiva da Análise Crítica do Discurso (Fairclough, 1989; Blommaert, 2005), trataremos de observar como se reproducen, negocian ou contestan as ideoloxías lingüísticas dominantes.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2024

<p>Sinatura do/a interesado/a</p> 	<p>Visto e prace (sinatura do/a titor/a)</p> <p>REGUEIRA FERNANDEZ XOSE LUIS - 33836953C</p> <p>Firmado digitalmente por REGUEIRA FERNANDEZ XOSE LUIS - 33836953C Fecha: 2024.04.17 20:08:02 +02'00'</p>	<p>Aprobado pola Comisión do Traballo de Fin de Grao coa data</p> <p>~ 6 MAI. 2024</p> <p>Selo da Facultade de Filoloxía</p> 
---	--	--

SRA. PRESIDENTA DA COMISIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

Título

“¿Pero na oralidade? ¡bueno, ho! ¡que el cuerpo varía!”. Ideoloxías lingüísticas e (des)estandarización en galego

“¿Pero na oralidade? ¡bueno, ho! ¡que el cuerpo varía!”. Language ideologies and (de)standardisation in Galician

“¿Pero na oralidade? ¡bueno, ho! ¡que el cuerpo varía!”. Ideologías lingüísticas y (des)estandarización en gallego

Resumo

A ideoloxía lingüística con máis forza nas actuais sociedades occidentais é a ideoloxía do estándar (Milroy & Milroy, 1991; Gal, 2006, 2018): a crenza de que hai unha única forma correcta de falar e de que unha sociedade para ser moderna necesita ter unha variedade estándar para o seu uso na vida pública. Con todo, nesta época de modernidade tardía, a cultura lingüística está mudando e, entre outros procesos, xorden tendencias á desestandarización en distintas linguas europeas (Coupland & Kristiansen, 2011; Kristiansen, 2021), é dicir, prodúcese un certo debilitamento desa idea de superioridade absoluta do estándar. Isto non ocasiona que a ideoloxía do estándar perda a súa lexitimidade, pero si volve máis complexa, multidimensional e mesmo contraditoria a relación entre o estándar e a variación. Neste sentido, o obxectivo deste traballo é estudar en que medida se pode estar dando un proceso de desestandarización tamén no galego. A investigación baséase nun corpus de grupos de discusión, formados por mozas e mozos universitarios, sobre temas metalingüísticos. O noso marco teórico é o que McLelland (2021) denomina “estandardoloxía da terceira vaga”, que se centra na dimensión ideolóxica da estandarización, especialmente en contextos multilingües. Desde a perspectiva da Análise Crítica do Discurso (Fairclough, 2013; Blommaert, 2005), trataremos de observar como se reproducen, negocian ou contestan as ideoloxías lingüísticas dominantes.

Palabras clave: galego, ideoloxía do estándar, desestandarización, ideoloxías lingüísticas, Análise Crítica do Discurso

Declaración de orixinalidade

Eu, Alicia López Besteiro, con DNI 34285390A, declaro que este Traballo de Fin de Grao é orixinal e da miña autoría, estando as fontes das que tomei información debidamente citadas. Do mesmo xeito, manifesto que son consciente das consecuencias que suporía o plaxio.

Agradecementos

A María, por me acompañar na descuberta de todas as cousas bonitas que se poden facer coas palabras.

A Xosé Luís Regueira, por me axudar a lle dar sentido á *lingua*.

Índice

1	Introdución.....	6
2	Marco teórico.....	7
2.1	Discurso e ideoloxía.....	7
2.2	Ideoloxías lingüísticas.....	8
2.3	A modernidade e a cultura monoglósica.....	9
2.4	Ideoloxía da autenticidade e ideoloxía do anonimato.....	10
2.5	A estandarización das linguas minorizadas.....	11
2.6	Modernidade tardía e sociolingüística da globalización.....	13
2.7	Estandarización e ideoloxías lingüísticas en galego: estado da cuestión.....	14
3	Metodoloxía.....	16
3.1	Corpus.....	16
3.2	Metodoloxía de análise.....	17
4	Análise das conversas e discusión.....	18
4.1	Cultura da monoglosia.....	19
4.1.1	Ideoloxía do estándar.....	19
4.1.2	Purismo.....	22
4.2	Ideoloxías desestandarizadoras.....	28
4.2.1	Clase, etnicidade e ruralidade.....	28
4.2.2	Escritura e oralidade.....	36
4.2.3	Desdibuxando a noción de corrección.....	39
5	Conclusións.....	43
6	Bibliografía.....	46
	Anexo.....	52

1 Introducción

A cultura lingüística dominante nas sociedades occidentais baséase nunha visión elitista e esencialista da lingua como inherentemente estandarizada (Milroy & Milroy, 1991; Gal, 2006; Gal 2018; McLelland, 2021). O que Del Valle (2000) definiu como *monoglosia*. Con todo, unha vez pasamos da época da modernidade e dos estados nación á modernidade tardía (Giddens, 1990), estas nocións sobre a linguaxe empezan a ser fonte de tensións (Gal, 2018). Algúns autores, como Van der Horts (2018), sinalan que estamos nun momento de mudanza da cultura lingüística. Desta maneira, conséntase en toda Europa un certo cuestionamento da hexemonía das linguas estándar (Coupland & Kristiansen, 2011; Grondelaers & Kristiansen, 2013). Kristiansen (2021) propuxo o termo *desestandarización* para denominar esta tendencia, que implicaría unha apertura á variación lingüística, así como mudanzas, en diversos sentidos, na idea de que existe unha única forma de falar correcta (o estándar).

Nas linguas minorizadas de normalización tardía, como o galego, a estandarización presenta dinámicas propias, de maneira que, entre outras cousas, provoca máis contestación social, debido ás condicións da modernidade tardía (maior informalidade, conectividade, “democratización” etc.) e, tamén, a que o proceso é recente ou está aínda en curso, polo que é directamente observábel (Costa, De Korne & Lane, 2018; McLelland, 2021). Por tanto, tería sentido que nestas linguas as tendencias desestandarizadoras fosen máis comúns do que nas linguas cun estándar consolidado. Regueira (2023), por exemplo, presenta algunhas evidencias de desestandarización no galego. Con outros termos, estes conflitos entre o estándar e o vernáculo xa foron sinalados nunha serie de traballos anteriores que se achegaron á estandarización da lingua galega como un proceso ideolóxico e desde o punto de vista das e dos falantes: Roseman (1995), Loureiro-Rodríguez (2008), Iglesias (2013), O’Rourke (2018) e Recalde (2022), entre outros. Cremos, non obstante, que estas tensións merecen ser máis exploradas, pois sinalan importantes mudanzas ideolóxicas na maneira en que pensamos e usamos a lingua. Así, o obxectivo deste traballo é estudar as ideoloxías desestandarizadoras que semella que están a emerxer na sociedade galega. Analizar estes novos marcos ideolóxicos pode axudarnos a avanzar na comprensión da nosa sociedade actual e, por exemplo, a deseñar políticas de planificación lingüística eficaces.

Neste traballo presentamos unha análise de conversas metalingüísticas, usando o marco teórico da *standardoloxía da terceira vaga* (McLelland, 2021), que se centra na dimensión ideolóxica da estandarización en contextos multilingües, e mais da Análise Crítica do Discurso

(Blommaert, 2005; Fairclough, 2013). Nas análises mostramos, primeiro, exemplos de reprodución das ideoloxías monoglósicas dominantes, e, despois, o xurdimento de ideoloxías alternativas e tendencias desestandarizadoras.

Continuamos nas páxinas seguintes cunha revisión dos estudos previos sobre ideoloxías lingüísticas e estandarización (sección 2). Despois detallamos a metodoloxía, no que ten que ver coa recollida e construción do corpus (sección 3.1) e co método de análise discursiva (sección 3.2). A seguir, presentamos e discutimos os resultados das análises (sección 4), separados por temas, e ofrecemos algunhas conclusións (sección 5). Acabamos coas referencias bibliográficas (sección 6).

2 Marco teórico

2.1 Discurso e ideoloxía

Neste traballo partimos dunha visión da lingua inscrita no contexto social, a lingua como parte da sociedade. Isto implica, seguindo a Fairclough (2013: 19), que os fenómenos lingüísticos son un tipo de fenómenos sociais e que os fenómenos sociais son en parte fenómenos lingüísticos. Chamaremos, así, *discurso* á linguaxe como acción e práctica social ou, nas palabras de Blommaert (2005: 16), discurso como “language-in-society”, é dicir, as dúas partes, a lingua e a sociedade, están ensambladas e forman un todo. Neste sentido, entendemos que o discurso está condicionado socialmente á vez que é constitutivo dos procesos sociais. É unha relación constitutiva mutua. O concepto de *reproducción*, tal e como o entende Fairclough (2013: 31-32), enfatiza precisamente como as estruturas sociais non só existen materialmente, senón tamén como discursos; son reproducidas discursivamente, mais non de maneira directa, pois cada acto de (re)producción permite modificacións. Ou sexa, aínda dentro do marco das estruturas é posíbel certa axencia, e isto abre a porta á produción consciente, á contestación dos discursos dominantes e, por tanto, á transformación social.

Porén, recoñecer a importancia social do discurso non quere dicir reducir toda a vida social ao discurso. A vida social “fabrícase”, organízase, mediante prácticas, tanto materiais como simbólicas, “xeitos habituais de facer” inseridos en estruturas materiais e influenciados por dinámicas de poder e valores culturais na maneira en que son producidos, interpretados e experimentados (Chouliaraki & Fairclough, 1999: 21-29). As prácticas lingüísticas serían un tipo de práctica máis (Pennycook, 2010: 1-3). Así, a través do estudo da linguaxe como práctica social, podemos avanzar na comprensión da sociedade.

Por outro lado, entendemos por ideoloxía as representacións e os esquemas de interpretación dunha práctica que derivan dunha determinada posición social (Woolard, 2012: 22-25). Con todo, frecuentemente as ideoloxías máis espalladas na sociedade, as hexemónicas, son máis ben narrativas ao servizo do mantemento das relacións de dominación. Para Blommaert (2005: 164) as ideoloxías son fenómenos culturais materialmente mediados. Isto é, as ideoloxías teñen un aspecto ideacional, mais esas ideas están ligadas e inseridas en prácticas materiais.

O noso achegamento á ideoloxía céntrase no estudo dos seus efectos performativos baixo disfraces constatativos (Woolard, 2012: 30), ou sexa, as maneiras en que as ideoloxías influen e actúan no mundo social en tanto se fan pasar por unha descrición obxectiva e natural dese mundo. Co seu concepto de *sentido común*, Fairclough (2013) apunta a esta opacidade lograda polos discursos hexemónicos. De forma inconciente, acabamos dando por sentadas unha serie de cuestións que pertencen ás ideoloxías do grupo dominante, convertidas en sentido común, sen darnos conta de que constrúen a nosa experiencia vital, moitas veces de xeitos opresivos e en contra dos nosos intereses. Noutras palabras, o que é considerado sentido común nunha sociedade está determinado por quen exerce o poder: como dicía Humpty Dumpty, a cuestión é saber quen manda aquí (Carroll, 2014: 62).

2.2 Ideoloxías lingüísticas

Neste traballo interésannos un tipo de ideoloxías concretas, as lingüísticas, que, de maneira moi simple, poderíamos definir como as crenzas ou opinións que as e os falantes temos sobre os feitos lingüísticos. Mais esta sería unha concepción neutra das ideoloxías, apenas como ideas, e nós, como xa intentamos explicar, tomamos un punto de vista máis crítico que ten en conta que estas crenzas sempre derivan dunha posición social particular. Kroskity (2015: 98) chama *posicionalidad* a esta característica das ideoloxías lingüísticas, de xeito que, por exemplo, o que alguén considera “adequado”, “correcto” ou “bonito” sobre a lingua está influído pola súa experiencia social. Isto é, as ideoloxías lingüísticas están mediadas polas estruturas materiais e son parciais, contestábeis e representan uns intereses concretos. Non existe coñecemento (nin lingüístico nin de ningún tipo) neutro ou apolítico. Por iso é necesario complicar un pouco a definición. Imos ficar entón coa que dá Woolard (2012: 19), para quen as ideoloxías lingüísticas son “representaciones, sean explícitas o implícitas, que interpretan la relación entre la lengua y los seres humanos en el mundo social”. Alén diso, continúa a mesma autora (Woolard, 2012: 19-20), as ideoloxías lingüísticas non tratan só da lingua, senón que a

vinculan coa identidade, a estética a moralidade ou o saber. Eses vínculos inflúen nos usos lingüísticos e crean representacións sobre as persoas e os grupos sociais.

2.3 A modernidade e a cultura monoglósica

A ideoloxía lingüística dominante en Occidente é, non por casualidade, a ideoloxía do estándar (Milroy & Milroy, 1991; Woolard, 2012; Gal, 2018), que se caracteriza por buscar a uniformidade lingüística, por tomar a escrita como modelo de perfección e por representar a variedade estándar como a forma *por defecto* das linguas. Máis precisamente, Kristiansen (1998: 127) definiu a ideoloxía do estándar como “the idea that there is one best, correct way of speaking the national language, and also the idea that it is necessary for a modern society to develop a standard language and enforce its use in public, in school, in business, etc.”. Seguindo a formulación de Del Valle (2000) denominaremos *cultura da monoglosia* o conxunto de ideoloxías lingüísticas propias do réxime da estandarización. A monoglosia consiste en conceptualizar a lingua como un obxecto, unha entidade discreta, homoxénea, fixa e illada das prácticas lingüísticas dos seus falantes. Alén diso, o vínculo entre territorio, lingua e identidade (unha nación, unha lingua) é concibido como algo natural, de modo que cada lingua expresaría a esencia e a cosmovisión dun pobo (ideoloxía lingüística nacionalista). De aí deriva a idea do monolingüismo como a condición normal e desexábel, polo que na cultura monoglósica o multilingüismo e o contacto lingüístico son vistos como excepcións e mesmo como elementos prexudiciais (ideoloxías monolingües e puristas). Por outro lado, como proxecto elitista, a estandarización estendeu e naturalizou o control lingüístico *top-down* (desde as institucións de poder, como as academias da lingua), moi especialmente sobre a lingua escrita, mais non só.

Aínda que por veces se nos intente convencer do contrario, estas ideoloxías lingüísticas non son universais. Diversos autores e autoras localizan a súa orixe no proxecto filosófico da modernidade (Costa, De Korne & Lane, 2018; Gal, 2018), isto é, propoñen contemplar a estandarización, en canto construto ideolóxico, como o aspecto lingüístico da modernidade. Poñen así en relación a estandarización coa formación dos estados nación, a centralización administrativa e gubernamental, a alfabetización, a urbanización, a creación da esfera pública, o colonialismo e, como marco de todo o anterior, o capitalismo. Neste contexto, “[a]s variedades estándares presentáronse como medios de comunicación neutrais, suprarrexionais e accesíbeis, que cumpría aprender para participar na vida pública e económica das sociedades modernas” (Amorós-Negre, 2024: 52). Ademais, esta lingua unificada, o estándar,

“propiedade” dos grupos poderosos, tivo un papel fundamental no establecemento dun mercado económico e cultural unificado e no dominio das clases dominantes sobre as subalternas (Fairclough, 2013; Bourdieu, 1991).

Para Gal (2018), a escala de valores da modernidade como proxecto filosófico estrutúrase en eixos de categorías opostas, tales como universalidade/particularismo, racionalidade/emoción, progreso/tradición ou urbano/rural, sendo os primeiros “modernos” e positivos, e os segundos contrarios á modernidade. Colocando as linguas estándar no lado da modernidade é como se xustifica a súa superioridade e necesidade. Como consecuencia, e en contraste co-constitutivo, as demais variedades sitúanse automaticamente no lado contrario e son asociadas con toda unha serie de valores mal connotados. Noutras palabras, a estandarización como fenómeno ideolóxico “consists of a metadiscourse of comparison and hierarchical contrast in which the rankings of varieties are justified and explicated by narratives about modernity” (Gal (2018: 222)). A estandarización revélase así como apenas un réxime sociolingüístico máis entre moitos posibles, unha de tantas maneiras de organizarmos a variación lingüística. Neste sentido, segundo Gal (2018) e Del Valle (2000), en sociedades non occidentais onde non existe o construto da lingua estándar, a noción de “corrección” non opera, o que nos leva a pensar que o prescritivismo, canto menos tal e como o coñecemos en Occidente, é unha consecuencia da estandarización e non unha actitude universal.

Unha das consecuencias máis nefastas da estandarización é que crea, *ipso facto*, xerarquías, pois dun lado fican as formas estándar, a *lingua autorizada* de Bourdieu (1985), e, doutro, as formas non estándar, que son estigmatizadas como versións deficientes das primeiras, consideradas *patois*, acentos ou dialectos (Costa, De Korne & Lane, 2018: 7). A isto apunta Gal (2006: 21) ao afirmar que, “[c]ontrary to the commonsense view, standardization creates not uniformity but more (and hierachical) heterogeneity”.

2.4 Ideoloxía da autenticidade e ideoloxía do anonimato

Esta escala de valores da modernidade, a pesar de ser hexemónica, non parece funcionar de maneira universal para todos os grupos sociais, é dicir, o prestixio lingüístico non se organiza sempre verticalmente (nunha gradación entre formas con baixo e alto prestixio en termos absolutos). Neste sentido, Woolard (2008) propón que o prestixio tamén pode vir desde o lado deslexitimado do eixo modernidade/tradición descrito por Gal (2018). Woolard (2008) establece unha distinción entre dous conxuntos de valores que lle dan “autoridade” á lingua: a ideoloxía do anonimato e a ideoloxía da autenticidade. O sistema do *anonimato* localiza o

valor das linguas na neutralidade social e na universalidade, de maneira que unha variedade é anónima cando é “unha voz de ningures”, ou sexa, un medio de comunicación que se presenta como neutral, de modo que pode representar e servir a todos porque non pertence a ningún. Aquí prima a función referencial da lingua. Porén, como Bourdieu (1991) resaltou co seu concepto de *misrecognition*, o que ocorre é que os falantes recoñecen e naturalizan a autoridade da lingua dominante, sen se decataren de que esta non deriva de elementos puramente lingüísticos, senón que foi “fabricada” por procesos históricos e sociais. É dicir, o estándar non é en realidade unha lingua universalmente dispoñíbel, pois pertence e serve a unha elite.

Por outro lado, segundo Woolard (2008), o valor dunha lingua tamén pode derivar da súa *autenticidade*, isto é, do seu vínculo cunha comunidade particular da que sería expresión esencial e xenuína. Para ser considerada auténtica, unha variedade ten que “ser de algún sitio”, ter raíces sociais ou territoriais. A lingua é aquí unha cuestión de identidade e ten por iso unha función máis indexical ca referencial.

A ideoloxía do anonimato serviu historicamente para apuntalar as “grandes” linguas nacionais, como o castelán (péñese en toda a retórica da lingua “común” dentro do Estado español); mentres que a ideoloxía da autenticidade permitiu a supervivencia das linguas minorizadas, como o galego (péñese no concepto de “lingua propia”).

2.5 A estandarización das linguas minorizadas

Os movementos de normalización de linguas minorizadas non só se apoiaron nesa idea da lingua como a voz “xenuína” do pobo (Woolard, 2008), senón que tamén, mediante a estandarización, tentaron dotala de lexitimidade como lingua “pública”. Neste sentido, a normalización pode entenderse como un intento de reestruturación dos seus valores indexicais. Como expoñen Costa, De Korne e Lane (2018), a estandarización tardía das linguas minorizadas ten as súas particularidades. Dado que o proceso de construción do seu estándar é contemporáneo, directamente observábel e accesíbel, a sociedade desenvolve unha maior consciencia sociolingüística e isto, unido ás condicións da modernidade tardía, fai que os estándares das linguas minorizadas estean máis suxeitos ao debate e á contestación. Complícase así a súa aceptación e naturalización, de maneira que a ideoloxía do estándar non se converte en algo incuestionábel, como ocorreu no caso das linguas dominantes. Noutras palabras, os estándares das linguas minorizadas teñen dificultades para lograr esa neutralidade indexical e seren percibidos como “anónimos”, á vez que perden os valores de autenticidade ligados ao vernáculo (Woolard, 2008; Costa, De Korne & Lane, 2018; McLelland, 2021).

Por outro lado, tense sinalado que os procesos de revitalización das linguas minorizadas frecuentemente reproducen as ideoloxías lingüísticas dominantes das linguas estatais, a cultura da monoglosia, e, con iso, tamén as desigualdades e discriminacións que implican (Gal, 2006; Woolard, 2012; Costa, De Korne & Lane, 2018; Gal 2018). Deste xeito, a “normalización” acaba recreando, nunha escala máis pequena, o contraste ideolóxico modernidade/tradición que marxinaliza e xerarquiza a variación lingüística (Gal 2018). Como consecuencia, certos grupos de falantes son dobremente estigmatizados (Gal, 2006): xa eran falantes de segunda por usaren unha lingua minorizada e desprestixiada e agora sono tamén por falaren variedades non estándar da súa propia lingua. Recalde (2018, 2021, 2022) estudou a creación dese dobre estigma no caso do galego, promovido canto menos no discurso do galeguismo máis elitista no marco dun proceso de construción nacional. O’Rourke (2018) e Regueira (2019) tamén recoñeceron no galego esta especie de ironía amarga inherente á estandarización das linguas minorizadas: por un lado, o estándar preséntase como unha ferramenta emancipatoria para estas linguas e os seus falantes; por outro:

“a exixencia dunha variedade determinada para certos usos comunicativos establece unha desigualdade fundamental entre grupos sociais segundo a súa maior ou menor proximidade a esa variedade ou o seu dominio deses recursos; constitúe, por tanto, un elemento de discriminación social, o que, desde unha ideoloxía democrática, supón unha contradición inelutable” (Regueira, 2019: 122).

En cambio, outros autores, como Urla et al. (2018), argumentan que esta “tese da reprodución” é demasiado simplista, e sinalan que en moitos casos os estándares das linguas minorizadas seguen modelos máis compositivos, flexíbeis e participativos, tanto en termos formais como ideolóxicos, destacando a implicación dos falantes como axentes sociais claves na implementación. Neste sentido, apuntan que “[at] a semiotic level, standardization produces, *ipso facto*, its opposite: the non-standard. But how non-standards are socially regarded is mediated by multiple factors” (Urla et al., 2018: 43). Ou sexa, os axentes sociais poden intervir para reconfiguraren os valores indexicais da lingua de modo que non se reproduzan, ou non tanto, as ideoloxías dominantes, e mais para renegociaren a relación entre o estándar e a variación. Isto abriría a posibilidade de que a estandarización das linguas minorizadas realmente promova a autoestima das persoas que a falan, en vez de constituír outro elemento xerarquizador.

2.6 Modernidade tardía e sociolingüística da globalización

Giddens (1990), entre outros, definiu a época actual como *modernidade tardía*. A modernidade tardía caracterízase polo desenvolvemento do capitalismo liberal (privatización de servizos, desregulación dos mercados financeiros etc.), a revolución tecnolóxica, unha maior conectividade, o incremento da mobilidade, o individualismo, un sentimento de incerteza debido aos rápidos e frecuentes cambios, a erosión das estruturas tradicionais etc. Este novo contexto globalizado leva a poñer en cuestión a operatividade dos estados nación e, por tanto, as ideas lingüísticas que neles se forxaron, que empezan a ser constestadas. Os tempos pídennos avanzar cara a novos marcos. Así, ante o aumento da diversidade e da hibridación lingüística, parece que deixa de ter sentido seguirmos traballando cunha noción de lingua reificada e alicerzada na territorialidade e na homoxeneidade. Neste sentido, Bloomaert (2010) propuxo unha renovación epistemolóxica cara a unha sociolingüística da globalización que teña en conta este novo escenario. Deste xeito, o novo obxecto de estudo serían os repertorios lingüísticos das falantes e dos falantes, conxuntos de recursos difusos, híbridos e dinámicos, non xa as linguas discretas “nomeadas” (é dicir, estándar, como o “galego”, o “inglés”, ou o “alemán”).

Tras asimilar estas mudanzas que impón a modernidade tardía, na sociolingüística produciuse un “xiro ideolóxico” nos estudos sobre estandarización para dar paso á *standardoloxía da terceira vaga* (McLelland, 2021), que revisita as ideas da antropoloxía lingüística que xa insistían no carácter ideolóxico dos procesos de estandarización. Como expuxeron Milroy e Milroy (1991: 22-23), “it seems appropriate to speak more abstractly of standardization as an ideology, and a standard language as an idea in the mind rather than a reality –a set of abstract norms to which actual usage will conform to a greater or lesser extent”. Por tanto, o estándar pasa a concibirse, sobre todo, como un proxecto discursivo (aquí volvemos á importancia do discurso). Desde esta nova perspectiva, o obxectivo, que nós compartimos, será estudar “how language standardisation ideologies and processes are discursively constructed and enacted in multilingual contexts” (McLelland, 2021: 117). Igualmente, tamén están gañando relevancia as abordaxes do fenómeno desde a perspectiva dos falantes (Rymes, 2020).

A dinámica que caracterizou os réximes da estandarización ata o momento foi de fortalecemento absoluto da norma sobre a variación, tanto en termos de uso canto, sobre todo, de ideoloxía (Kristiansen, 2016: 94). Porén, hoxe en día, unha vez que acaba a era dos estados nación para dar paso á globalización, parece que se observan mudanzas no estándar e na ideoloxía do estándar, de maneira que os procesos de estandarización son fonte de conflitos

(Kristiansen & Coupland, 2011; Kristiansen & Grondelaers, 2013). Por exemplo, Amorós-Negre (2024: 53-54), citando a Van der Horst (2018), repara nalgúns indicios de reorganización da normatividade, como son a maior visibilidade e aceptación de variedades non estándar, a ampliación dos usos considerados estándar, o recurso cada vez maior á prescrición encuberta e o cuestionamento das normas lingüísticas en ámbitos informais e menos regulados, como as redes sociais. Pola súa parte, Tore Kristiansen describiu na Noruega actual indicios de mudanzas máis radicais, que explica como un proceso de *desestandarización*, ou sexa, unha situación en que “*the very belief in the existence of (or need for) a ‘best’ language is being weakened*” (Kristiansen, 2021: 671)¹. Isto non implica que o estándar perda toda lexitimidade, senón, máis ben, unha certa apertura á variación e mesmo o debilitamento nalgúns contextos informais, non a desaparición, da idea de que existe só unha maneira de falar correcta. Ou sexa, a relación norma/variación vólvese máis complexa, contextual, multidimensional e mesmo contraditoria.

2.7 Estandarización e ideoloxías lingüísticas en galego: estado da cuestión

No caso da lingua galega, as ideoloxías lingüísticas da cidadanía, no marco da lingüística folk (Niedzielski & Preston, 2000; Rymes, 2020), foron exploradas en diversos traballos desde unha perspectiva cualitativa e centrándose nas tensións que xorden ao redor do estándar e da relación deste coa variación. Entre outros, aproximáronse ao tema Roseman (1995), Iglesias (2002, 2013, 2020), Domínguez & Herrero Valeiro (2003), González González (2003), Loureiro Rodríguez (2008), Zas (2016), Iglesias, Álvarez & Díaz (2017), Formoso, Iglesias & Rial (2017), O’Rourke (2018), Recalde (2022), Regueira (2023).

Os resultados revelan a hexemonía da ideoloxía do estándar, de modo que a variedade estándar funciona como a lingua “autorizada” e como padrón de corrección en base ao que son evaluadas todas as prácticas lingüísticas (Iglesias, 2002, 2020). Ademais, o purismo das entidades estandarizadoras está moi espallado nos falantes: “os informantes establecen dous medidores da calidade lingüística —o grao de aproximación ao estándar e o índice de mestura— [...]” (Formoso, Iglesias e Rial 2017: 266). Desta maneira, o prescritivismo non é só promovido polas elites, senón que a propia cidadanía contribúe de forma activa, non apenas pasiva, á reprodución da ideoloxía do estándar, a través do que Lukač (2018) chamou *grassroot*

¹ As cursivas son do orixinal.

prescriptivism, ou sexa, comentarios en conversas cotiás e privadas, mais tamén nas redes sociais, na radio ou nos xornais, sobre o que é “correcto” ou “incorrecto”.

Con todo, a distancia real e simbólica do estándar respecto das prácticas lingüísticas da maioría de galegofalantes provoca tensións e debates, de maneira que comunmente o estándar é visto como unha lingua allea e artificial (Iglesias 2002; Iglesias, Álvarez & Díaz 2017). Isto indica que, debido ao seu proceso de estandarización tardía, *in vivo* nas palabras de Recalde (2022: 399), o estándar galego non acaba de conseguir o poder do “anonimato” do que gozan outros estándares consolidados, como o do castelán ou o do portugués. Neste sentido, o vernáculo, a pesar da estigmatización á que é sometido, para moitos falantes ten prestixio encuberto e é un símbolo de pertenza ao grupo (Roseman, 1995; Loureiro, 2008; Iglesias, 2013). Este marco, non cuestiona, porén, a ideoloxía do estándar nin a a definición de corrección dada desde o poder.

Por outro lado, parécenos moi destacábel a mudanza ideolóxica que se percibe entre os falantes máis vellos e os máis novos, estes últimos xa nados e escolarizados unha vez iniciado o proceso de normalización do galego, a raíz do que mudaron as representacións e usos das variedades lingüísticas en Galiza. Nos termos de O’Rourke (2018: 98): “while older speakers of Galician may have experienced their speech as stigmatised in relation to the new ‘power code’, this stigmatisation itself is protested, appropriated and transformed by a younger generation of native speakers and new speakers”. Recalde (2022), por exemplo, tamén constata este estigma histórico a certas variedades do galego, así como o xurdimento de novas ideoloxías locais e da autenticidade favorábeis a elas, de xeito que mesmo trazos moi estigmatizados como a gheada e o seseo son resignificados e gañan novos valores positivos.

Observamos, por tanto, unha reorganización dos usos e valores das variedades do galego. Os falantes novos, a pesar de conviviren coa ideoloxía purista e de coñeceren o estándar, reivindicán o vernáculo, abrazando o hibridismo, como lingua de grupo, especialmente en contextos informais, á vez que integran o estándar no seu repertorio como variedade apropiada para a escritura e os contextos de formalidade e tamén como forma de capital cultural (Iglesias, 2013, 2020; Formoso, Iglesias & Rial, 2017; O’Rourke, 2018; Regueira, 2023). Neste sentido, como sinalou xa Regueira (2023), poderíase falar de que existen no galego tendencias á desestandarización (Kristiansen, 2021), entendida como un progresivo debilitamento da norma en favor da variación, do estándar en favor dos vernáculos, mais sen que se acabe de producir unha oposición explícita coa ideoloxía do estándar.

3 Metodoloxía

3.1 Corpus

O noso obxecto de estudo son as ideoloxías lingüísticas, nomeadamente as da (des)estandarización, da mocidade universitaria galegofalante. Para nos aproximarmos a elas, usamos unha metodoloxía cualitativa centrada na análise do discurso de catro grupo de discusión formados, cada un deles, por catro persoas. Os datos que aquí presentamos foron recollidos no marco do proxecto “Contacto, cambio lingüístico e ideoloxía en contextos de minorización lingüística”², que se desenvolveu no Instituto da Lingua Galega entre o 2020 e o 2023.

Dispoñemos de catro horas de gravacións nas que participaron 16 mozas e mozos universitarios de entre 18 e 25 anos, co galego como L1 ou L2. Co obxectivo de lograr unha maior fluidez e espontaneidade na conversa, os grupos formáronse entre persoas que xa se coñecían previamente. Durante as gravacións os participantes estiveron sós, pois as persoas investigadoras só interviñeron para propoñer os temas e deixar a gravadora na sala. Despois retiráronse. Por outro lado, para tratar de non influenciar os informantes, sobre o tema da investigación apenas se lles dixo que era o estudo da conversa

As discusións estruturáronse ao redor de tres preguntas, e as persoas participantes tiveron vinte minutos para desenvolver cada unha (porén, para este traballo, só nos resultaron rendíbeis as discusións que xurdiron a partir da última):

- a) Que vos parece que teñamos que saber inglés para case todo?
- b) Que vos parece que os xornais reproduzan as declaracións da xente en castelán aínda que as fagan en galego? Ou que galeguicen nomes e apelidos? (dicir “Xosé Manuel”, aínda que a persoa se chame José Manuel, por exemplo).
- c) Que vos parece que se propoñan como formas correctas “estrada”, “avó”, “Badaxoz”, “Moscova” ou “beirarrúa”?

As transcripcións das gravacións fixéronse co programa ELAN, seguindo os criterios do proxecto CORILGA do ILG, que se basean na proximidade coa oralidade. Para as nosas análises usamos as exportacións que permite o programa. Os nomes propios dos participantes

² Este proxecto conta con financiamento do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades do Goberno de España (ref. PID2019-110352GB-I00).

e das participantes, así como os doutras persoas que estes mencionan, aparecen substituídos por pseudónimos.

Canto á técnica cualitativa escollida, o grupo de discusión (Callejo, 2002), destacamos que permite dar a palabra ás persoas entrevistadas e acceder non só ás súas actitudes máis conscientes e institucionalmente normativas, senón recoller tamén outros discursos. Con outros métodos como a enquisa ou a entrevista, a persoa participante pode ter a sensación de estar sendo examinada precisamente sobre as súas actitudes e tenderá a producir resultados aceptábeis socialmente. Este efecto redúcese no grupo de discusión, e máis se está ausente o investigador ou a investigadora e as persoas participantes teñen certa familiaridade entre elas, xa que se crea un contexto máis espontáneo e próximo á conversa informal e se produce unha “apertura ás contradición”, nas palabras de Callejo (2002), que se tratarán de resolver coa discusión. Alén diso, parécenos importante reproducir o carácter colectivo do discurso, pois é no nivel do grupo, non no do individuo, onde por definición aparecen os conflitos arredor de fenómenos sociais como as ideoloxías lingüísticas.

Porén, é importante ter en conta que calquera técnica de observación e recollida de datos que implique a presenza dunha persoa investigadora ou dun instrumento de gravación visíbel sempre altera os datos. Labov (1972) denominou este problema como o “paradoxo do observador”. E isto vai alén da presenza do investigador, pois, segundo Blommaert (2005: 65), mesmo o xeito en que despois se transcriben e analizan os datos vai influír no que estes “nos contan”. Por tanto, hai que ter presente que tampouco o grupo de discusión produce uns resultados totalmente equivalentes aos da conversa ordinaria.

3.2 Metodoloxía de análise

Para a análise das ideoloxías apoiámonos nos postuladas da Análise Crítica do Discurso (Blommaert, 2005; Fairclough, 2013; Wodak & Meyer, 2009). A Análise Crítica do Discurso, en adiante ACD, que non é un método nin unha teoría, senón máis ben unha perspectiva aplicábel a múltiples disciplinas das humanidades e das ciencias sociais (Van Dijk, 2003: 144), estuda a intersección entre o discurso e as estruturas sociais. Noutras palabras, a ACD propónse investigar as maneiras en que as relacións de dominación, poder ou control se manifestan e son reproducidas (e negociadas, mudadas etc.) mediante o discurso. Ademais, é un saber comprometido coa emancipación social; nas palabras de Blommaert (2005: 25), a súa práctica debora servir para “empowering the powerless, giving voice to the voiceless, exposing power abuse, and mobilising people to remedy social wrongs”.

O poder, elemento central para a ACD, exerce e sostense tanto mediante a coerción (material) canto mediante o consenso (ideolóxico). Precisamente, o clásico concepto de *hexemonía* de Gramsci (1971) enfatiza a relevancia da ideoloxía na reprodución das relacións de poder, isto é, o lado cultural da dominación. Na sociedade actual, o control social faise efectivo máis por consenso do que por coerción e, dado que as ideoloxías se transmiten principalmente por medios discursivos, faise evidente a necesidade de atendermos ao discurso. O problema é que este é normalmente opaco, ou sexa, a reprodución ideolóxica non se fai explícita nel, senón que aparece como nocións de “sentido común”.

Segundo Fairclough (2013), o *sentido común* son conxuntos de ideoloxías vinculadas co poder que se converten en discursos dominantes ao sufriren un proceso de naturalización no que se esvae a conexión entre ideoloxías e intereses particulares. Parecen discursos neutros e incuestionábeis, verdades obxectivas, coñecemento compartido, como se reflectisen de maneira transparente o mundo social, cando en realidade están construíndoo dunha determinada, e interesada, maneira (Chouliaraki & Fairclough 1999: 5). Neste sentido, a efectividade da ideoloxía depende moito de deixar de parecer ideoloxía e pasar a ser considerada sentido común, de modo que se perpetúen as relacións de dominación existentes mediante o hábito da súa reprodución ideolóxica inconsciente. Así, o obxectivo último do discurso dominante é, nas palabras de Bourdieu (1994: 163), “recognition of legitimacy through misrecognition of arbitrariness”. Por tanto, o propósito da ACD, e o noso neste traballo, é desmitificar os discursos a través do descifrado das ideoloxías (Wodak & Meyer, 2009: 30), pois a toma de consciencia é o primeiro paso, imprescindible, para a mudanza.

4 Análise das conversas e discusión

Neste apartado analizamos, coas ferramentas da ACD, algúns fragmentos das conversas do noso corpus³. Primeiro presentamos exemplos de reprodución das ideoloxías monoglósicas e logo avanzamos cara a outras propostas de ideoloxías alternativas, que cuestionan ou problematizan, en maior ou menor medida, o réxime da estandarización.

³ No anexo pódense consultar as conversas completas.

4.1 Cultura da monoglosia

4.1.1 Ideoloxía do estándar

En xeral, a ideoloxía do estándar (Kristiansen, 1998: 127) é asumida polas persoas participantes como noción de *sentido común*, nos termos de Fairclough (2013).

Grupo 1

Marta [a ver | pero | eu creo que | creo que debería haber un estándar pa todo] ||

Helena [(risas)] ||

Marta [igual] que temos que ter a lingua esta vehicular | e todo eso | refíro+me | igual que en castelán hai as palabras estándar ||

Marta <clic> | nós tamén as deberíamos ter ||

Helena [{<asentimento> hum}] ||

Alexandra [claro] ||

Xaquín [xa | bueno] ||

Marta entendo que teña que haber un galego estándar | eso non implica que:: | non: | por zonas | cada un fale como lle dá a GANA ||

[...]

Helena ¡joder | pa min é verdá! | (INH) | [en tódo-los IDIOMAS ten que haber] un: estándar | [porque: | ten que haber unhas normas] | simplemente pa que te guíes | como ten que haber unhas normas | como: | (INH) | en todo ||

Como vemos, está moi viva unha idea do estándar como modelo de corrección cara ao que as prácticas lingüísticas se deberían orientar en maior ou menor medida. Nas palabras de Bourdieu (1985: 19), a *lingua autorizada* reprime e coarta as prácticas lingüísticas. Alén diso, en ningún momento se cuestiona a necesidade de desenvolver unha variedade estándar da lingua: é presentada como unha verdade natural e obxectiva. Para xustificar esta necesidade, Marta pon o exemplo do castelán, en canto lingua “normal” e “moderna”, no marco dunha cultura hexemónica, que funciona como modelo de prestixio. Detrás está a crenza de que unha sociedade moderna debe, para selo, estandarizar a súa lingua, de xeito que se vincula o estándar coa modernidade e o progreso e, implicitamente, o vernáculo co pasado e o atraso (Gal, 2018). Helena mesmo afirma que “en todos os idiomas ten que haber un estándar”. A pesar de que a maioría de linguas do mundo non occidental aínda “funcionan” sen estándar, está claro que a

referencia que aquí está a funcionar son as “grandes” linguas europeas, convertidas, na súa excepcionalidade, na norma.

Outro asunto que podemos comentar neste fragmento é o uso dese “nós”, nós todos os galegos, enténdese. Ou sexa, un “nós” interclasista, que se constrúe ao asumir como propio o proxecto lingüificador das elites galeguistas (Recalde, 2021). Así, a estandarización faise pasar por algo beneficioso para toda a poboación galega, nun proceso ideolóxico de universalización dos intereses dunha minoría en detrimento dos da maioría (Woolard, 2008; Fairclough, 2013).

Porén, xa desde o comezo se deixa sentir a tensión estándar/variación, pois o primeiro vai por definición en detrimento da segunda (Kristiansen, 2016: 94), e Marta axiña reivindica a variación lingüística, aínda que nun lugar dependente do estándar: “entendo que teña que haber un galego estándar | eso non implica que:: | non: | por zonas cada un fale como lle dá a gana”. A implicatura dese “cada un fale como lle dá a gana” é que as variedades non estándar non teñen regras e están en estado “salvaxe”. E se as variedades non estándar evolucionan anarquicamente, parece lóxico que necesitemos, precisamente, unha norma, unha lingua estandarizada que sirva de “guía”. Como analizou Montserrat Recalde, este discurso é común no proceso de lingüificación do galego, de modo que se consegue presentar o estándar «como “imposición del orden frente al caos” o “triumfo de la civilización frente a la barbarie”» (Recalde, 2018: 761).

Noutro momento, Marta puntualiza que o estándar é “sobre todo pa cousas oficiais” e “pa documentos”.

Grupo 1

Marta claro | é que eu tendo | entendo que ten que haber un estándar | sobre todo pa cousas oficiais ||

Alexandra si ||

Marta [pa documentos | para estas cousas | <clíc>] ||

Helena [claro | pero que logo todo o demais] ||

Marta refíro+me | ¿vas+te a poñer a escribir como escriben? | a gheada póde+se representar | ¿e representas a gheada | o seseo e todo | dentro dunha cousa que é totalmente oficial? ||

Marta [eu entendo que aí | (INH) | haxa trazos] | [que teñas que sacar] |

Destacamos a saliencia neste fragmento da gheada e do seseo, dous trazos non estándar *de facto*, moi marcados e, historicamente, cunha forte carga indexical asociada ao atraso e á incultura, aínda que estes valores, como constata Recalde (2022), están transformándose nos últimos tempos. Con todo, en certos contextos formais o seu uso parece aínda unha ruptura excesiva, nas palabras de Marta: “[eu entendo que aí | (INH) | haxa trazos] | [que teñas que sacar]”. En parte por estes valores negativos que levan asociados e en parte tamén simplemente por esa noción de sentido común que establece que nos contextos altamente formais *hai que* empregar a variedade estándar, nin sequera se concibe outra cousa. Por outro lado, tamén está detrás a idea de que as variedades non estándar non se poden escribir, por aquilo de que non teñen “regras”; resulta “raro”. Deste xeito, constrúese unha narrativa que naturaliza o vínculo convencional entre o estándar e a escritura como algo privativo e elimina a posibilidade de poder representar graficamente outro tipo de variedades. Como seguiremos vendo máis adiante, a escrita formal mantense como ese feudo inexpugnábel do estándar.

Para acabar este subapartado, presentamos un fragmento que mostra moi claramente como os participantes asumiron a concepción elitista da lingua como inherentemente estandarizada da que falaba Gal (2018: 226), ou sexa, a variedade estándar enténdese como “a lingua” por definición (Bourdieu, 1991).

Grupo 2

Elba i eu o s# | eu estou a favor de que a xente fale | ¿sabes? ||

Ana libremente ||

Elba si si | por suposto | pero creo que tamén: | (INH) | <0.7> | <clic> | hai que limitar | no sentido de que: | a normativa bueno está aí ||

Ana si si | no | totalmente de acordo | eu co tema de que dice Xesús | {<dúbida> e:} | o sea si | si que considero que se lles debería# debía pedir pois | máis rigor: ||

Ana (INH) | {<dúbida> e:} de que coñezan ben a súa li:ngua | de que a empreguen ben |

Incurrido nunha certa contradición, Elba e Ana defenden que a xente debera poder falar “libremente”, mais, ao mesmo tempo, afirman que ten que haber “límites” a esa liberdade, porque “a normativa está aí”, como un fenómeno natural incuestionábel e dado. É o “sentido común” funcionando. Igual ca antes, entenden a variación como anárquica e por iso tamén ten que haber un estándar que “a limite”.

Por outro lado, para Ana “coñecer ben a lingua” parece que significa coñecer o estándar. Esta é unha das consecuencias ideolóxicas do réxime da estandarización, que desenvolve nos falantes e nas falantes a consciencia dunha forma canónica, “correcta”, da lingua. Así, constrúese o estándar como a “lingua” por definición e a pluralidade da lingua é “abolida”. No caso da estandarización do galego, segundo Recalde (2021), esta lingua “autorizada” formouse nun proceso no que os falantes populares foron deslexitimados como “maos falantes” e expropiados da competencia na súa propia lingua, que a partir de aí reside “fóra” deles, en dicionarios e gramáticas, ou sexa, nas mans das elites. Por tanto, segundo este marco ideolóxico que asumen as persoas participantes, a competencia en “galego” só se podería lograr aprendéndoo formalmente. Desta maneira, o dominio da lingua lexítima convértese nun ben cultural que, precisamente por non ser accesíbel a todas as persoas, funciona como elemento de distinción social para as elites (Bourdieu, 1985).

4.1.2 *Purismo*

A continuación ofrécense dous argumentos para xustificar a necesidade dun estándar. O primeiro é, como xa vimos, que “é un proceso que pasan todas as linguas”, é dicir, o estándar enténdese como universal e como algo necesario no camiño cara á “modernidade” (Gal, 2018). O segundo, con moito peso no proceso de estandarización do galego, é o purismo (Thomas, 1991), ideoloxía dependente da monoglosica, que provoca a exclusión de elementos lingüísticos que proveñen do castelán e que son discursivamente caracterizados como “allicos” ou “indesezábeis”.

Grupo 2

Sabela (INH) {<dúbida> e} pois | me parece que é un proceso que pasan tóda-las linguas e a nós nos toca to# | o sea pasa-lo ahora {(P) ¿sabes? o de:} ||

[...]

Xesús [eu::] | eu so:n | un pouco medio nazi prescriptivista ¿sabes? | (INH) eu [son da idea de:] | [que:] | a lingua se non ten | mira un | un sabio dixo | a lingua é como un río | <0.8> | (EXH) | {(DC) se non ten marxes | desaparece} ||

Ana [non me digas] || [si é si é] || si ||

Xesús ¿sabes? | se: | <clic> | a xente que defende un gallego anárquico | no fondo non defende o gallego | porque o que está defendendo é que eventualmente o CASTELÁN reemprace o gallego ||

Xesús a castelanización non frea ||

Xesús non hai un número limitado de castelanismos que: acaban entrando no gallego | no ||

Xesús (INH) é unha: porta completamente aberta | non é un río que se | que se desborda | (INH)
| ata eventualmente chegar á | á asimilación total do | do gallego polo castelán ||

Neste fragmento, Xesús emprega a metáfora “A LINGUA É UN RÍO” para crear unha representación esencialista da lingua como un obxecto acabado, duradeiro, de fronteiras ben definidas e autónomo das prácticas lingüísticas concretas das persoas que a falan. Reproduce por tanto a idea da lingua propia da cultura monoglósica (Del Valle, 2000). Así, castelán e galego serían sistemas autónomos que non poden nin deben mesturarse: “non hai un número limitado de castelanismos que: acaban entrando no gallego”; “entrar”, nese sentido, implica un *dentro* e un *fóra*. O galego iguálase co estándar, o demais é non-lingua. Como dicía Gal (2018: 227), dalgunha maneira, “[p]urity of language became a security issue”, polo que se xustifican todo tipo de actitudes prescritivistas e puristas perante o perigo da “asimilación”, é dicir, de que o galego perda o estatus de lingua “lexítima” e a identidade diferencial que adquiriu durante o seu proceso de lingüificación. Reprodúcese, por tanto, unha visión negativa do contacto lingüístico como unha fonte de conflito, porque pon en perigo esa idea das linguas como entidades autónomas cunha “esencia” que manter, o *volk* romántico.

Por outro lado, o feito de que Xesús se chame a si mesmo “nazi prescritivista” implica que hai quen llo podería chamar, é dicir, que hai quen cuestiona a súa postura. Por iso ten que xustificala, porque non é completamente hexemónica (sabe que hai outras posibilidades). Ademais, afirmar que “un sabio dixo” axuda a lexitimar o que el propón, mentres desbota a postura non purista connotándoa negativamente co adxectivo “anárquico”, que evoca o caos e dicindo que “defende o castelán”, ou sexa, convertendo a disputa nun asunto de brancos e negros.

Na seguinte intervención, Xesús establece esa idea dun galego “puro”, sen castelanismos, como o ideal cara ao que todas as prácticas lingüísticas deben tender.

Grupo 2

Xesús en fin | eu eu: | <clic> | e | teño ese pecado creo que tamén non hai que martirizar+se
¿sabes? ||

Xesús se utilizas "bueno" espontánea# | (INH) como decía Carme | a do telexornal | ¿non? |
pero realmente é posíbel [falar] ||

Xesús ¡ai eu tamén! ||

Sabela [¡ai Carme!] ¡canto quero a Carme! | (risas) ||

Xesús ¿realmente é posíbel falar sen decir nunca "bueno"? | ¿ou sen meter nunca un castelanismo? | ¿sen meter nunca a ZO[CA]?

Así, calquera desviación enténdese como un déficit, unha metedura de “zoca” e mesmo un “pecado”, nesa linguaxe xudeocristiá: os usos lingüísticos teñen connotacións morais e, ademais de seren correctos ou incorrectos, son bos ou maos.

Noutras intervencións tamén se poden rastrexar as ideoloxías puristas.

Grupo 2

Ana entonces claro | é un galego así un pouco raro e {(risas) mezclado co castellano:: e:: destas cousas} | pero | o sea | creo que | despois na escrita:: ben e: | se me teño que comunicar {<dúbida> e:} {dúbida nasal> m::} | <clac> ||

Ana o sea | nun ámbito máis académico intento:: | <0.7> | o sea | cuidar as formas [e tal | pero des]pós así cotidianamente pois mira |

A mestura concíbese como algo “raro”. E o raro sempre é raro fronte outro elemento, entendido como normal; neste caso, Ana coloca o seu galego “raro” fronte a un galego “normal” (sen mestura, máis “coidado”), que se presupón que é o estándar, sempre a funcionar como referencia.

Aínda que Ana defende que non é necesario seguir o estándar nos ámbito cotiáns, máis informais, realmente a implicatura de “nun ámbito máis académico intento cuidar as formas” é que os seus usos cotiáns son descoidados, ou sexa, hai formas de falar coidadas e outras descoidadas. A impureza implícita de certas prácticas constrúese ao dicir que hai prácticas “puras”, máis galegas. Isto reproduce o discurso co que se xustificou o proceso de estandarización do galego, presentándoo como un acto de dignificación que implica unha “indignidade” previa á intervención (Recalde, 2021: 181). Como veremos máis adiante, é común nos participantes esta contradición entre, por un lado, a reivindicación do vernáculo en certos ámbitos e a rebeldía contra as ideoloxías dominantes, percibidas como opresivas, e, por outro, a incapacidade de saíren do marco da cultura monoglósica, pois seguen empregando expresións como “gallego correcto/incorrecto”, “máis coidado”, “puro”, “máis galego”, “galego raro” etc.

Seguindo coa ideoloxía purista, termos tan cargados como “limpar”, “puro” e “coidar” son comunmente aplicados á lingua, como no seguinte extracto.

Grupo 3

Ánxela ORT [¡claro! | pero eu tam]én penso que: | <1.1> | <clic> | o de "carretera" ou así | (INH) | que se di desde fai | tempo | xa ||

Ánxela ORT pero:: | <clic> | ¿sabes? | eu creo que agora | cando o puxeron foi porque | (INH) | querían: | quita-lo do castelá:n | o sea:: | ¿sabes? | é como:: ||

Ánxela ORT (INH) | como limpia-lo de tal pa que fora máis PURO | [de en plan: | ¿sabes] | de:: ||

Fátima ORT [si | máis gallego] ||

Fátima e Ánxela racionalizan o proceso de estandarización ao presentalo como un proceso de depuración lingüística, para facer o galego “máis puro” e “máis gallego”. Así mesmo por tanto como algo beneficioso e necesario, sen cuestionaren esta natureza construída e interesado do “puro”.

Porén, no seguinte fragmento insinúanse xa tensións ao redor da lexitimidade do ideal purista.

Grupo 2

Xesús (INH) ¿que ocorre? | que eu trato de buscar un equilibrio entre falar un gallego CORRECTO e fallar | falar un gallego RECOÑECÍBEL ||

Ana si no | e no que tu t<corte> te sin[ta có][modo] ||

Elba [{<incomprensíbel>}] ||

Sabela [pero tó]da-las linguas teñen a súa parte coloquial | en[tendo que aquí te]mos a diferencia precisamente de que | <0.4> | o coloquial é por unha | INVASIÓN | [doutra] lingua i [tal pero::] ||

Xesús [si] || [si si si] ||

Elba [claro] ||

[...]

Xesús non me gustaría que o gallego oral fora por defecto | <0.5> {<dúbida> e} | castrapo ||

Dalgunha maneira, Xesús, cando sinala que é necesario un equilibrio entre un “gallego correcto” e un “gallego recoñecíbel”, está tanto recoñecendo como artificial e alleo o galego

normativo canto afirmando que os vernáculos son incorrectos. Para empezar, reitérase ese uso naturalizado da noción de corrección (“gallego correcto”) e, seguindo coa lóxica purista, aparece a metáfora da “invasión”, segundo a cal as palabras dunha lingua allea son soldados do inimigo invadindo a terra (a lingua) propia. Como todas aquelas metáforas baseadas na linguaxe militar, é moi potente e impele á acción decidida, a tomar medidas. Unha invasión é sempre algo negativo. Cando alguén ataca o “noso” ¡témonos que defender!. Así é como se xustifican as actitudes puristas, porque ninguén cuestiona que é necesario defenderse, cos medios que fixer falta, de algo que se consegue presentar como unha agresión. Coma xa vimos antes, a metáfora alicérase na cultura monoglosica (Del Valle, 2000; Gal, 2018).

Finalmente, tamén resulta interesante o uso do glotónimo “castrapo” aplicado ao resultado “impuro” do contacto lingüístico e cargado de valores negativos, de maneira que estas prácticas son expulsadas da lingua, representadas como fóra da lingua.

A continuación introdúcese un matiz ao criterio de corrección facendo unha distinción entre rexistros da lingua.

Grupo 2

Xesús claro | a ver ollo | eu tamén penso que hai unha diferenza por exemplo nos | nos rexistros | ¿non? ||

Xesús {<dúbida> e} | a ni# a nivel coloquial | utilizamos con frecuencia {(ACC) pois eu que sei} palabras como "chao" | (INH) de orixe italiana ||

Xesús {<dúbida> e} expresións do inglés | [castelanis]mos ||

Xesús "crush" | tal | <clic> ||

Sabela [{<incerto> xa xa}] ||

Xesús eu CREO | que unha cousa é que a nivel coloquial | pois eu utilizo castelanismos | <0.9> | no meu día a día a nivel coloqu# | coloquial digo "bueno" | (INH) {<dúbida> e:} | "gallego" | tal | <clic> {(DC) eu creo que unha cousa é utilizar castelanismos: | a nivel oral | coloquiALMENTE} | e outra cousa moi di# diferente é que un profesor universitario diga "ejemplo" [dando unha clase] na universidade que para min debería se# | é unha vergonza ||

Ana [{<valoración> ah} | no claro] ||

Xesús [é unha vergonza] | (INH) que un profesor | que ademais é un problema SISTEMÁTICO | é unha PLAGA | (INH) | que o profesorado utilice castelanismos como: | como se nada vamos | falando castrapo | (INH) ||

Para Xesús, “a nivel coloquial” débense permitir certos castelanismos, certas “incorreccións” (que, vale a pena notar, non por permitirse o deixan de ser), mais «outra cousa moi diferente é que un profesor universitario diga “ejemplo” [...] | é unha vergonza». Neste sentido, a Universidade eríxese como espazo de máximo prestixio, onde estarían vetados certos trazos estigmatizados polo purismo e onde é preciso mostrar competencia (ou sexa, indexar clase social) dominando a lingua “lexítima”. Isto tamén podería chegar a implicar, sempre dentro desta lóxica clasista, que os espazos de poder están vetados para certos falantes, aqueles que non tiveron acceso á lingua “lexítima”.

Igualmente, retomando o argumentario purista, aparece a metáfora OS CASTELANISMOS SON UNHA PLAGA. E as plagas son malas, esténdense se non se fai nada e mesmo ameazan a saúde do “ecosistema” (isto entronca coa metáfora monoglosica A LINGUA É UN OBXECTO BIOLÓXICO), polo que é necesario loitar contra elas, erradicalas. Esta é a xustificación do purismo.

Como vemos no fragmento a seguir, no caso galego, o purismo vincúlase coas ideoloxías da autenticidade (Woolard, 2008), porque as institucións estandarizadoras basean o seu discurso en “recuperar” un estado de lingua “puro” (adánico), anterior mesmo ao contacto co español.

Grupo 4

Paula si nos ¿caste:linizaron? [antes:] | creo que hai que dar+lle:: | a VOLTA ||

Lorena [(risas)] ||

Pedro [(risas)] ||

Paula & á tortilla | como se di | ¿non? | VOLVER ||

Paula aos: nosos:: | orixes ||

Pedro o sea | ti falarías galego nor# | normativo ||

Paula eu:: | non o falo | <0.6> | pero creo que está [ben | que] | a normativa | o INTENTE | <1.6> | traer de volta ||

Aquí as participantes reproducen a retórica purista da posibilidade de “volver aos nosos orixes [lingüísticos]”, a un pasado imaxinado como ideal, sen contacto lingüístico e por tanto sen conflito; “volver” a antes de que “nos castelanizaran” para “traer de volta” ese galego puro sen elementos do castelán. Manter a toda costa a “esencia” do galego vese en parte como un medio de conservarmos unha identidade diferencial, unha idea que deriva de entender que cada lingua reflicte a cosmovisión particular dun pobo.

4.2 Ideoloxías desestandarizadoras

Aínda que a presenza das ideoloxías monoglósicas é xeral nos participantes dos nosos catro grupos de discusión, tamén aparecen en todos eles tendencias á desestandarización (Coupland & Kristiansen, 2011; Kristiansen, 2021), sobre todo no sentido de promover a variación, mais tamén, aínda que en menor medida, no sentido de cuestionar a idea de que existe unha única forma de falar correcta. Ademais, emerxen as ideoloxías da autenticidade (Woolard, 2008) como marco principal desde o que as persoas participantes resisten e contestan as ideoloxías dominantes.

4.2.1 Clase, etnicidade e ruralidade

A continuación presentamos un fragmento no que se observa no discurso nas persoas participantes unha reacción contra o estándar derivada de o percibiren como enfrontado dalgunha maneira ao seu vernáculo e, por tanto, á súa identidade local.

Xaquín ¡ah! | e despois en: | ¡ah! | de Viveiro | que din | "ontes" ||

Alexandra ¿"ontes"? | ¿en vez de "onte"? ||

Xaquín si ||

Xaquín tamén | e | ¡molan moito! | esas cousas ||

Marta [(risas) | ¿e vós entendédes+vos entre todos?| (risas)] ||

Xaquín [¿sabes? | teñen gracia | joder | porque ó final] ||

Xaquín [si | si | si] | [{(risas) e así estamos}] ||

Alexandra [calque# | calquera día] ||

O primeiro que chama a atención é a reivindicación do particular e o propio, en contraposición ao galego “común” e de “ningures”. Neste sentido, na construción desta ideoloxía da autenticidade, como a entende Woolard (2008), son importantes os topónimos, como “Viveiro” con que se localiza xeograficamente a forma “ontes”: é desas “raíces”, dese vínculo indexical cunha comunidade concreta de onde nace o seu valor. O mesmo se aplica ao pronome “vós”, que serve para construír un grupo en base, precisamente, a eses trazos lingüísticos. Vemos que a mirada, por tanto, vai cambiando. A uniformidade, como receita contra o “caos anárquico”, xa non é tan desexábel e a existencia da variación lingüística pasa a ser algo positivo. Nese sentido, poderíamos dicir que se negocia, sen contestala frontalmente, a idea de que a situación ideal é a unidade lingüística e a existencia dunha única forma de falar correcta. Ademais, eses

calificativos como “molar” parece que resignifican as formas non estándar, facendo mesmo que non só teñan o valor da autenticidade, por seren a voz dun sitio particular, do local, senón que tamén gañen outros máis relacionados co estético e os ámbitos alternativos.

Non obstante, tanto neste caso como no anterior fragmento, aínda que as persoas participantes reivindicán o valor das falas locais, parece que non se dan librado da ideoloxía do estándar, pois seguen a concibir o estándar como a lingua canónica, a vara de medir de todas as prácticas lingüísticas, de modo que a variación fica como unha “desviación” da “lingua”, de aí ese «”ontes” en vez de “onte”».

Como vai sendo común nestas discusións, no seguinte fragmento aparecen, como marco ideolóxico, os *eixos de diferenciación* (Gal, 2018) propios do discurso da modernidade (e alicerces do réxime da estandarización), que contraponen valores asociados á modernidade con valores asociados á tradición. Ao par universal/particular do exemplo anterior súmaselle aquí aprendido/natural, mais, a novidade é que, desde a perspectiva da autenticidade, reivindícase precisamente o lado culturalmente mal connotado.

Grupo 1

Xaquín [con meus primos e así] | co::s que son de:: | de Pontevedra ou: | (INH) | que se CRIARON ||

Xaquín <b corte> | e eso [que os pais] | falan en: galego ||

Helena [{<valoración> ;buf!}] || {(P) é que en Pontevedra:} ||

Xaquín [e criáron+se en: | criáron+se en castelán] ||

Helena [{(risas) a festa é o primeiro}] ||

Xaquín e::: | eles non saben falar un galego:: | como falo eu ||

Helena [xa] ||

Xaquín ¿sabes? | eles falan [o galego normativo] ||

Xaquín e:: | <0.4> | <clic> | pois eso | neles xa se perderon esas palabras | por exemplo ||

Alexandra xa ||

Marta tamén é certo que se aprendes | o sea | se a túa lingua: | <0.4> | <clic> | que pa eles foi a si# | a súa lingua materna | pero se nunca faláron o galego ||

Alexandra [é normal que falen] ||

Marta [e falan un galego APRENDIDO] | falas un galego máis normativo ||

Helena xa ||

Reaparece aquela idea de que a lingua “autorizada” non é unha competencia dos falantes, senón que é algo alleo a eles que hai que aprender formalmente. Porén, dáselle unha volta a isto desde as ideoloxías da autenticidade, de maneira que, para Xaquín, o galego “aprendido” na escola carece de autenticidade: (falando dos seus primos que “se criaron en castelán”) “eles non saben falar un galego:: | como falo eu”, é dicir non falan un galego vernáculo con trazos que indexen orixe xeográfica ou social, senón o “normativo”, que aquí é deslexitimado como variedade “sen raíces”. Cando Xaquín di que “neles [nos seus primos] xa se perderon esas palabras”, estase a referir ás formas locais que antes comentaban (o “ontes” de Viveiro, por exemplo), alicerces da súa identidade local.

A continuación, emerxe no mesmo grupo o tema da “corrección”, que provoca tensións entre a ideoloxía do anonimato e a da autenticidade. Marta declara que non fala un “galego correcto”, identificando como correctas as palabras do estándar, que contrapón ás que usa ela.

Grupo 1

Marta ¡home! | pois | eu non falo un: galego correcto ||

Marta [non digo::: "tesoiras" | digo "tixeiras"] | [digo "sartén"] | e non "tixola" ||

Helena [pero é que] || [claro] || xa ||

Xaquín [xa | bueno] ||

Helena <clic> | pero claro | é que eso: | para min aí está | o que é o correcto i o que no ||

Helena en plan:: | <clic> | (INH) ||

Marta creo que cada un ten a súa forma de falar ||

Helena [o sea: | máis correcto | no#] ||

Marta [pero non: implica que non queira] que esas palabras sexan | (INH) | oficiais ||

[...]

Alexandra [non sei | por unha parte:] | penso coma ti | [que si que hai que manter] esas palabras | [¿non? | pero: | <clic>] | si que creo que hai que: tamén ter a: | <1.1> | pois unhas de referencia | unhos estándares ||

Marta [pero bueno] ||

Xaquín [claro] ||

Alexandra [{(P) non sei} | [sobre todo no escrito}] ||

Xaquín [xa] ||

Marta [claro | o sea a min parece+me <que corte> | ben] que o estándar sexa:: | "beirarrúa" ||

Alexandra [si] ||

Xaquín [a ver] ||

Marta [pero eu vou a decir "acera" | <0.4> | porque:] ||

Aínda que Marta afirme que ela non fala un “galego correcto”, isto non parece implicar que asuma totalmente a ideoloxía do estándar, porque se nega a usar o estándar, mesmo recoñecendo parcialmente a súa superioridade e tendo acceso a el (recordemos que os participantes son universitarios): «a min parece+me <que corte> | ben] que o estándar sexa:: | “beirarrúa” [...] | pero eu vou dicir “acera”». A nosa interpretación é que reivindica o vernáculo como lingua local e de grupo, mais non é capaz de articular outro marco distinto do monoglósico para xestionar e estruturar as súas prácticas lingüísticas. Neste sentido, tamén recoñece a variación como algo consustancial á lingua, a pesar de que, no fondo, acepta que hai formas mellores ca outras, pois explica que aínda que “cada un ten a súa forma de falar”, isto “non: implica que non queira que esas palabras [as do estándar] sexan | (INH) | oficiais”. É dicir, a pesar de rexeitar o uso do estándar e querer conservar o vernáculo, simbolicamente recoñece a posición do estándar como patrón de corrección alleo á súa variedade; dá por sentada a súa superioridade, mais non a asume como a súa lingua, porque non se identifica.

Pola súa parte, Alexandra afirma que “hai que manter esas palabras | ¿non? | pero: | <clíc> | si que creo que hai que: tamén ter a: | <1.1> | pois unhas de referencia”. Isto é, demandan que a norma sexa máis flexíbel que dea espazo a “esas palabras” vernáculos, mais á vez necesitan que exista unha norma. Precisan un centro do que disidir, como se só a existencia dun centro dese sentido á súa posición, escollida, nas marxes. Noutras palabras, dalgunha maneira, o vernáculo só ten ese valor do “auténtico” e do particular desde que hai un estándar que se lle opón como lingua “común”, de “referencia” e “neutra”. Neste sentido, é de notar que as persoas participantes coñecen o estándar e poden empregalo cando o necesiten, por iso tamén, cremos, se poden permitir rexeitalo noutros contextos. Por outro lado, esta intervención introduce unha distinción entre a oralidade e a escritura, de modo que, neste primeiro ámbito, como veremos máis adiante (4.2.2), parecen difuminarse os criterios de corrección elitistas.

Finalmente, despois de que Marta afirmara que “non fala un galego correcto”, aínda intervén Helena para cuestionar por primeira vez a validez do marco da estandarización e dubidar de que existan argumentos obxectivos que fundamenten a noción de corrección, na que se baseaban os outros participantes: “pero claro | é que eso: | para min aí está | o que é o correcto i o que no”. Sobre isto volveremos despois (4.2.3).

A discusión anterior sobre pares de palabras tipo “tesoiras”/“tixeiras” podémola complementar cunha serie de extractos onde aparecen máis claramente actitudes de reivindicación do vernáculo como lingua de grupo. Neste sentido, as críticas ao estándar teñen que ver con ser percibido como unha variedade allea, ou sexa, pertencente a outro grupo ou clase social.

Grupo 3

Antía ORT [...] dalgunha maneira [queda lonxano á xente] ||

Ánxela ORT [pero:] || [que non te sintas:] | si | [é verdá] ||

Antía ORT [¿sabes?] porque hai veces | que estás oíndo as noticias ||

Ánxela ORT e dices "¿que cara[llo?]" | "PADIOLA" | ¿quen di "padiola"? | (risas) ||

Antía ORT [¿sabes? | e meu ABUELO | non sabe si lle está# | (INH) | [(risas) non sabe si lle están falando en galego]] | que é a súa lingua | (INH) | [ou si lle están falando árabe | [¿sabes?] é como::] ||

Fátima ORT [<incomprensíbel>] || [é que hai | (INH)] ||

Ánxela ORT [si si si si] ||

Antía ORT {(risas) non [entendo::]} ||

Fátima ORT [claro] | o sea | se os propios galegofalantes [non sabemos PALABRAS] ||

Antía ORT [¿sabes? | non te sintes] ID[ENTIFICADO]

Notamos desde o principio unha serie de expresións moi vinculadas semanticamente coa ideoloxía da autenticidade, como son “lonxano á xente” “cercano”, “sintas”, “identificado”. Todas teñen que ver coa emoción, o natural e a identidade. No exemplo que pon Antía de “padiola” as risas son interesantes: comparar o galego estándar co árabe é unha esaxeración, mais funciona ao poñer en evidencia esa sensación de artificialidade e distancia (social). O estándar, así, é criticado por elitista, porque se afasta das prácticas lingüísticas da maioría dos galegofalantes. É dicir, o estándar do galego non logra naturalizarse nin como esa lingua anónima que “é de todos”, nin como esa lingua autorizada que existe alén do falante, nin como

esa lingua “pura”. En cambio, revélase como unha lingua “allea” (doutra clase) e deslexitímase en base ao seu escaso uso, desaparecendo aquí a idea da corrección, que precisamente basea a “superioridade” de certas palabras en que son “correctas”, en base a criterios elitistas e puristas, aínda que non se usen. Dalgún xeito, como apunta Fairclough (2013: 58), a resistencia dalgúns participantes a usar o estándar deriva de que no fondo saben que esa non é a lingua do seu grupo, senón a dos *outros*, a do poder. E como non senten ese grupo social dominante como o seu, non queren falar coma eles, aínda podendo, mais, precisamente por ser o estándar a lingua do poder, asumen a súa superioridade.

En xeral, imos vendo que estes resultados coinciden cos de diversos traballos anteriores (Iglesias, 2013; O’Rourke, 2018) e, entre eles, o de Roseman (1995: 15), quen constata “the use of language as a symbol of, and vehicle for, establishing strong interpersonal bond and general communit solidariy [...]”.

Esta outra mostra reflicte tamén a tensión entre a aceptación das ideoloxías dominantes, o que implica asumir os intereses do poder, e a lealdade ao grupo (e por tanto á súa lingua).

Grupo 3

Ánxela ORT o sea | eres consciente | a ver | por exemplo agora na: | tele | pois si que:: | si que ó mellor no {<programa> Land Rober} ou cousas desas que [son máis] [de:] tal ||

Fátima ORT [si] ||

Antía ORT [{<asentimento> hum}] ||

Ánxela ORT pero tamén descuidan un pouco a:: [lengua | en si] ||

Fátima ORT [claro | si] ||

Ánxela ORT pero bueno [po-lo menos | falan | como:: | como:: falamos en verdá | ¿sabes?] ||

Fátima ORT [falan a SÚA lingua | como eles | {<incerto> si}] ||

Ánxela, Fátima e Antía discuten sobre a variedade lingüística usada no programa da TVG *Land Rober* (un galego popular con gheada e abundantes “castelanismos” léxicos) e móvense entre o sentimento de identificación e o rexeitamento purista desas prácticas “desviadas”. Aínda que asumen no fondo a idea da corrección, parece que a colocan nun lugar secundario fronte á autenticidade: síntese identificadas coa lingua do Land Rober porque é tamén a súa propia: “po-lo menos | falan | como:: | como:: falamos en verdá | ¿sabes?”, “falan a SÚA lingua”. Ánxela reconece que “descuidan un pouco a lingua”, mais a afirmación aparece atenuada co

adverbio “pouco” e coa seguinte frase. É unha postura un tanto contradictoria. O vernáculo ten o prestixio encuberto da autenticidade, mais é rebaixado en canto á corrección. Isto é, séguese aplicando a noción de sentido común que sostén o réxime da estandarización de que apenas hai unha forma correcta de falar a lingua nacional (o estándar) (Kristiansen, 2016; Costa, De Korne & Lane, 2018), aínda que xorden novos valores que permiten reivindicar as falas locais.

No fragmento que se presenta a seguir, a autenticidade da lingua aparece moi ligada ao rural, o que introduce, ao noso parecer, aspectos moi relevantes para entender a situación sociolingüística en Galiza.

Grupo 2

Xesús (INH) {<recordo> ai} en Muros hai moitísimas expresións | preciosas | pero a min é iso ¿sabes? {<dúbida> e} ||

Xesús non crecín con elas | (INH) con moitas tampouco non | non: | ¿sabes? | non me habituei a elas ||

[...]

Xesús <clic> a ver | eu entendo tamén | ¿sabes? ideal | no mundo ideal ||

Xesús eu penso que todo o mundo falaría como se fala na súa aldea de toda a vida ||

Ana {(risas) li[teral]} ||

Xesús {<dúbida> [e:]} eu eu de feito | cando vou a Muros sinto ese complexo de decir | foder | non falo ese gallego muradán | ¿sabes? ||

Xesús cando estou en Muros son: | son | son da cidade | son de: | (INH) | [do interior] porque non: | ¿non falo gallego como falan alí! ||

[...]

Xesús pero eu sempre que volvo a Muros sempre procuro reapropiar+me un pouco dese: | dese gallego de alí | (INH) | que tamén che digo | o que comentabas antes de que: | á hora da escrita todo correctiño ¿non? | eu es[cribo "GALEGO"] ||

Esta reivindicación, en parte emocional, da lingua rural pode ter que ver coa posición dos participantes como universitarios, o que implica que tiveron acceso á aprendizaxe dunha lingua con máis capital simbólico, con máis autoridade, mais con menos autenticidade. Valoran as falas locais porque as están perdendo: “se canta lo que se pierde”, que dicía o poeta. Esa nostalxia polo que se “perde” (unha palabra clave que aparece en máis fragmentos) é unha

actitude típica do movemento romántico, que, nun momento grandes mudanza debido aos procesos de industrialización e urbanización no século XIX, revalorizou o mundo rural e tradicional, crendo encontrar nel, por exemplo na lingua popular, o *volksgeist* ou alma do pobo. Con todo, é tamén un sentimento común tamén nas nosas sociedades actuais. Aínda que xa estamos afastadas dese mundo tradicional, seguimos téndoo como referencia no caso da lingua galega, de xeito que se produce unha certa idealización do rural como a “reserva” do galego “puro” sen a influencia do mundo moderno e por tanto do castelán (de aí a escolla de falantes NORM⁴ da dialectoloxía clásica e, no noso caso, do Atlas Lingüístico Galego).

Por outro lado, hai unha relación entre a admiración e o desprezo co vernáculo. Nesta intervención podemos ver moi claramente a retórica da autenticidade cando Xesús expresa que lle gustaría falar “ese galego de alí”, o “gallego muradán”, unha variedade que recibe o seu valor por ser de algures, como se nota co uso do adverbio “alí” (curiosamente situado lonxe do falante, contraponéndose a “aquí”) e do adxectivo “muradán”. Isto entra en conflito coa idea de que son a corrección e a pureza os valores que teñen que guiar as prácticas lingüísticas. Así, en principio, asumir as ideoloxías monoglósicas implicaría inevitabelmente afastarse do “gallego muradán”, pouco valorado no mercado lingüístico desde a perspectiva do anonimato, por ser unha variedade moi marcada. En cambio, desde a ideoloxía da autenticidade, ser unha variedade tan marcada, indexar orixe, é o que a revaloriza. Recalde (2018: 765) explica así esta contradición:

“[e]sta es una de las grandes paradojas de la historia social del gallego: a la vez que se enaltece al campesinado por haberlo mantenido vivo durante siglos, se deslegitiman sus prácticas lingüísticas como causantes de su *deformidad* y, a la vez que se culpabiliza a la burguesía alóglota de traicionar sus orígenes por desertar de la lengua propia, se le atribuye la gloria de *dignificarla* con su estudio y su cultivo literario”.

Este é o marco ideolóxico deste fragmento, no que Xesús di que no mundo ideal “todo o mundo falaría como se fala na súa aldea de toda a vida”, á vez que se presenta a si mesmo como de “cidade”, mais noutras partes da discusión “despreza” como se fala *realmente* nas aldeas, porque non encaixa co ideal purista. Esta contradición tamén ten que ver con que ese “falar de aldea” se asenta na idea monoglósica da lingua como un obxecto natural e produce así unha

⁴ Siglas en inglés de *nonmobile, older, rural males*.

visión esencialista dos falantes do rural como falantes “auténticos”, ou sexa, como entidades estáticas que manteñen a unha forma de falar petrificada.⁵

Finalmente recóllese a oposición oral/escrito: a oralidade do “gallego de Muros” contraponse coa práctica da escrita, onde vai “todo correctiño”. Por tanto, constrúese por oposición que o “gallego de Muros” non é correcto, mais si auténtico, en cambio. De novo a escritura como un ámbito no que non se cuestiona o uso exclusivo do estándar: de aí que Xesús afirme que escribe “galego” (ao tempo que oralmente usa “gallego”), porque “á hora da escrita todo correctiño ¿non?”.

Vaise establecendo así unha oposición entre o rural e as falas populares, vinculado coa autenticidade, e o urbano e o estándar, que se relaciona máis co anonimato. Isto enmárcase na reprodución dos significados indexicais da oposición modernidade/tradición, antes aplicada ao eixo castelán/galego e agora ao eixo galego popular/galego estándar: cultura/atraso, escrito/oral, urbano/rural, razón/emoción etc. (Recalde, 2021: 182).

4.2.2 *Escritura e oralidade*

A seguir, centrámonos un pouco máis nesta oposición oral/escrito e en como se estruturan ao redor dela os usos lingüísticos e os seus valores, pois, como xa fomos vendo, é frecuente que as persoas participantes fagan unha distinción clara entre estes dous ámbitos; ás veces, como nestes casos, para xustificar tendencias desestandarizadoras na oralidade.

Grupo 1

Alexandra [¿e fa#? | <e corte> | ¿pero falar? | {<dúbida> e::}] | ¿e o galego fála-lo normativo?
||

Alexandra non:: ||

Marta non || eu falo | o galego | <0.4> | [falo normal] ||

Xaquín [claro | joder é que:::] | pa falar | eu creo que no+no hai que falar normativo] ||

Neste fragmento, Alexandra, Marta e Xaquín argumentan que a variedade estándar non é apropiada para a oralidade, de forma que xa non se trata de que se “permita” máis variación na oralidade, senón que a variación pasa a entenderse como o normal: “eu creo que no+no hai que falar normativo”. De aí ese “falo normal”, isto é, vernáculo, que, na fala oral, se erixe como a

⁵ En Eckert (2003), e en Regueira (2012) aplicado ao galego, realízase un crítica do concepto de *autenticidade* lingüística.

nova normalidade e non como un “desvío” do estándar. Por outro lado, constrúese por oposición implícita que si que hai que escribir “normativo”. Como é común que aconteza coas linguas estandarizadas tardiamente (Costa, De Korne & Lane, 2018), parece que o estándar galego non logrou toda a autoridade do anonimato e por iso aínda é parcialmente percibido como unha imposición desde arriba. Así, a pesar de que funciona como código lexítimo en certos ámbitos de poder e da esfera pública, é desautorizado na oralidade (informal), porque neste contexto priman na lingua os valores de solidariedade. Cremos que isto representa un exemplo claro de desestandarización (Kristiansen, 2021): o estándar perde en parte o seu lugar privilexiado como “a lingua” por autonomasia e convértese nunha variedade máis con ámbitos de uso concretos e limitados, nomeadamente a escrita formal.

A seguir, noutro grupo a conversa evolúe desde a necesidade dun estándar á súa relativización dependendo de que o ámbito sexa oral ou escrito.

Grupo 4

Laura falar un galego normativo: | {<valoración> pf} | eu penso que nunca chegarei a falar un galego normativo ||

Paula claro | nós porque:: ||

Laura que a ver | que hai que intenta-lo | obviamente | porque tampouco o vas a falar así:: ||

[...]

Paula pero: eu véxo+o: | <n corte> | <clic> | non vexo como: | un ERRO na oralidade ||

Laura [si | eu tampouco:] ||

Paula [eu diferencio a oralidade] da ESCRITA | na oralidade | [<0.4>] | non o vexo como un e:rrro ||

Paula como a GHEADA | <0.4> | [ou o seseo] ||

Laura [si] ||

Laura [a min paréceme::] | <0.5> | [que enriquece |<0.6> | a] lingu# | [a gheada e todo | si] | [eu creo que si] ||

Paula [non o vexo mal] || [si] || [¡si!] ||

[...]

Laura logo o da escrita | ¡bueno! | pois eso xa [é outro tema] ||

Paula [¡na escrita claro!] ||

Laura tes que coidar máis: | <0.6> | de por si [xa::: | a redacción] ||

Paula [a estética] || {<asentimento> hum} ||

Laura ¿pero na oralidade? | ¡bueno ho! | [{(risas) <incerto> ¡que el cuerpo varía!}] ||

Laura continúa o debate sobre a volta ás “orixes” afirmando que ela non vai chegar a falar galego normativo, mais que, non obstante, “hai que intenta-lo | obviamente | porque tampouco o vas falar así”. De novo, por un lado, aparece o estándar como un ideal inalcanzábel fronte ao que as propias prácticas lingüísticas sempre son deficientes e, por outro, emerxe a lealdade ao vernáculo, unha actitude que compite co recoñecemento da hexemonía do estándar. Nese sentido, o adverbio “así” semella cargado de connotacións negativas aplicadas ao vernáculo, que non se fan explícitas porque se presupoñen como coñecemento compartido.

Tamén, como dicíamos, aparece a distinción oral/escrito. Deste modo, para Paula e Laura na oralidade difumínase en certa medida a noción de corrección: “na oralidade non o vexo como un erro” (si o é, por tanto, na escrita), “enriquece a lingua”. A gheada recibe unha valoración favorábel neste contexto, por exemplo. Cuestiónase, por un lado, a idea de que a situación idónea sexa que haxa só unha forma de falar correcta, aínda que no fondo continúan admitindo algo así coa “forma de referencia”, cuxa existencia obrigatoria segue a operar como noción de sentido común. O que non muda é que na escrita (formal) afirman que é necesaria unha norma: “tes que coidar máis”. Son de notar neste sentido a palabra “coidar”, inscrita no discurso purista, e a esa forma en imperativo, “tes que”, que implica que isto é unha obriga imposta desde arriba e que se dá por feita. En cambio, segundo Laura, na oralidade “el cuerpo varía”. Este último é un uso bastante heterodoxo, porque pon en valor a variación como algo connatural da lingua falada, que non se fai xa depender da escrita. Ademais, Laura opta por expresarse cun cambio de código ao castelán, o que reforza a reivindicación da *heteroglosia* (Del Valle, 2000), e que nos parece un uso totalmente consciente neste sentido.

Despois, noutro grupo, xorden algunhas outras ideas sobre este contraste oral/escrito. Resulta interesante observarmos que o uso dos vernáculos como o “normal” tamén se estende á mensaxería instantánea, en canto ámbito escrito mais informal e onde, por tanto, se permiten máis facilmente rupturas nas convencións.

Grupo 1

Xaquín ¿que escribides? | cando escribides en galego:: | polo WhatsApp | ¿que escribides? |
[¿no normativo] ¿ou no:::? ||

[...]

Marta [depende | porque si estás contando] unha cousa MOI importante | así MOI rápida |
escribes así: | [{<dúbida nasal> m::} | como veña] ||

Marta xustifica o uso dos vernáculos na escrita informal, ou sexa, escribir como se fala, acudindo a ese vínculo recorrente coa emoción, coa intuición, cos impulsos e co natural (Gal, 2018): “si estás contando unha cousa MOI importante | así MOI rápida | escribes así: | como veña”. Por contraste, o estándar sería escrito, pensado, aprendido: artificial tamén, nese sentido. Neste sentido, como viñemos notando ao longo de toda a exposición, contrapóñense os valores indexicais do galego normativo e do galego popular, que neste caso introduce Xaquín: “¿no normativo? ¿ou no::?”. Aínda que non nomea o vernáculo, deixándoo no aire, a oposición funciona igual.

4.2.3 *Desdibuxando a noción de corrección*

No seguinte extracto continúaase coa discusión oralidade/escritura, coa novidade de que mesmo se cuestiona o criterio establecido que pauta os usos lingüísticos apropiados en cada ámbito.

Grupo 1

Marta [¡bueno! | ¡que vas escribir ben por WhatsApp cos teus amigos!] ||

Marta en plan | [o importante é o: | o fin do::: | do | do mensaxe] | se se se entende o que se pon
| ¡pois xa está! ||

Alexandra [sacade o WhatsApp | aquí como se ve] ||

Xaquín [(risas)] ||

Helena a ver | pero é que tampouco é BEN ou MAL | en plan: | simplemente é normativo ou
non normativo |

Para Marta resulta ata inadecuado “escribir ben” (é dicir, na variedade estándar) no Whatsapp, de maneira que, de novo, aínda recoñecendo a noción de corrección aplicada á lingua, e as xerarquías que isto establece (porque un “escribir ben” implica tamén a existencia dun “escribir mal”), parece que apenas lle dá importancia, porque “o importante é [...] se se entende”. Pola súa parte, Helena vai máis alá e cuestiona a dicotomía correcto/incorrecto e

ben/mal. É interesante, neste sentido, como se desnaturaliza o vínculo entre a variedade estándar e “falar ben”, desbotando o marco moral aplicado á lingua. Falar normativo resulta ser só iso, falar unha variedade concreta da lingua: “tampouco é BEN ou MAL | en plan | simplemente é normativo ou non normativo”. Cremos que se pode estar a producir un tímido xiro de desde o paradigma da corrección ao da adecuación contextual e da funcionalidade, de modo que emerxe a idea de que un trazo ou forma de falar debера ser válida simplemente porque aos seus falantes lles é funcional e non en función dun criterio de corrección elitista.

No seguinte fragmento, tamén Pedro cuestiona o criterio de corrección que primeiro establece Lorena, quen iguala “perfecto” con “estándar”.

Grupo 4

Lorena si | pero bueno | a ver | no noso día a día | galego:: | <0.5> | perfecto | <0.5> | creo que: fala pouco: | pouca xente ||

Lorena [(risas)] ||

Paula [claro] ||

Pedro [non | claro] ||

Laura [no | no] ||

Pedro [¿é que cal] é o galego perfecto? || [aí está a cousa] ||

Lorena [o:: | da normativa] | [(risas)] ||

Paula [a normativa:] ||

Pedro [¿e <p corte?] | ¿e por que seguir a norma ten que estar ben? ||

[...]

Pedro non: | mira | no# | <f corte> | <clíc> | vale que non falemos galego:: | normativo | pero o noso galego coloquial ||

Pedro polo menos | <0.7> | non está perdido ||

Paula {(DC) pero | cada vez haberá | máis palabras en castelán | que non terán | <0.7> | [nada que ver]} ||

Paula eu:: ||

Pedro [iso:: | bueno] ||

Paula unha NORMA | <0.9> | sempre hai que te-la ||

Lorena introduce o concepto dependente da idea de corrección de “galego perfecto” (e por tanto implicitamente o de “galego imperfecto”), aínda que tamén é interesante notar que ese mesmo galego perfecto (“o da normativa”) lle produce estrañamento, pois admite que pouca xente o fala. Despois Pedro cuestiona esta dicotomía e lanza as preguntas de “¿é que cal é o galego perfecto?”, “¿e por que seguir a norma ten que estar ben?”. En todos os grupos é de notar que se poñen sobre a mesa moitas dicotomías, que logo, ás veces, tamén se intentan deconstruír. Con todo, Paula confronta a Pedro e afirma que “unha NORMA sempre hai que tela”, presentándoo como unha evidencia, como sentido común, a través dese “hai”, forma impersonal que indica obriga (unha obriga que se presenta como un estado natural das cousas sen axente que o produza). Efectivamente, a ideoloxía do estándar funciona porque foi naturalizada como un conxunto de nocións de sentido común sobre as linguas que non requiren xustificación porque pasan como verdades obxectivas (Fairclough, 2013).

Seguindo coa liña de contestación da ideoloxía do estándar, no seguinte extracto Antía, Ánxela e Fátima propoñen novos valores máis democráticos desde os que entender e xestionar as prácticas lingüísticas.

Grupo 3

Antía ORT eu sinto que a lingua é máis:: | como que debería ser máis das personas | <0.4> | [cas que:: | que:: falaran] ||

Ánxela ORT [das personas de a pé] ||

Antía ORT en plan | si todos os falantes dicen "rúa" | <1.1> | {(risas) o sea::} ||

Fátima ORT [xa] ||

Antía ORT [efectivamente] ||

Ánxela ORT [pois | pa diante con "rúa"] ||

As participantes reclaman aquí a validez da *norma* no sentido de “uso habitual”, afastado do concepto elitista de uso normativo imposto por hexemonía. Ademais, ao propoñeren que a lingua deba ser “das personas de a pé”, están admitindo que agora non é, ou sexa, que saben que son outras persoas distintas das “de a pé” as que controlan a lingua. Evidénciase así que a lingua estandarizada (e, por tanto, o “galego” como construción ideolóxica) é un obxecto político que non é de todas as persoas, senón que está controlado polas elites, que son quen decide que é e que non é “galego”.

Neste outro extracto cuestiónase a idea, que xa discutimos ao comezo, de que a competencia lingüística equivale a coñecer o estándar.

Grupo 3

Antía ORT [en plan:] | estabas tu:: non sei que:: e:: en vez de poñer {<dúbida> e} | no examen "estrada" poñías "carretera" e xa parecía AQUELO | {(risas) que non sabías FALAR | (INH) que vaia falta | que non sei que} | i-era en plan | ¡a ver! | ¿sabes? ||

Fátima ORT [é o: | o mesmo] ||

Ánxela ORT [xa] ||

Antía ORT [¡tranquilidá! | {(risas) non] pasa NADA | [(INH) | que nos estamos entendendo!}] ||
[...]

Antía ORT e realmente | o importante | [é que te ENTENDAN] | que é o que queres transmitir ||
[...]

Antía ORT [si en vez <d corte>] | se:: de: | de poñer "estrada" se me escapa "carretera" porque vou escribindo [rápido ou o que sexa] ||

Fátima ORT [eso enténden+te igual] ||

Antía ORT a ver | tampouco é que sexa {(risas) INÚTIL} ||

Ánxela ORT xa ||

As persoas participantes elaboran neste caso unha crítica moi certa ao discurso elitista do proceso de estandarización do galego, que presentou o estándar como a única lingua lexítima, de forma que ignoralo pasou a significar falar mal: “poñías "carretera" e xa parecía AQUELO | {(risas) que non sabías FALAR”. En cambio, elas non asumen este marco ideolóxico e rebélanse contra esta exclusión proponendo un marco alternativo: “o importante | é que te ENTENDAN”, ou sexa, “falar ben” significa simplemente comunicarse con éxito.

Fechamos o apartado cun fragmento en que se propón unha reorganización da normatividade que consiste en devolverlle á lingua a súa pluralidade e, como consecuencia, empezar a considerar o estándar unha variedade en pé de igualdade coas demais.

Grupo 3

Antía ORT {(P) si pois eu sempre lle chamei "rocho" } ||

Ánxela ORT e é como:: | iso [está chulo sabe-lo | <clíc>] | e | <0.5> | e iso na tele non cho poñen ¿sabes? ||

Fátima ORT [si | {<incomprensíbel>}] ||

Ánxela ORT o sea:: | porque ao mellor non é estándar pero en verdá | (INH) | [nunha zona de Galicia] [si que se usa] [moito] ||

Fátima ORT [{<incomprensíbel>}] || [claro] ||

Antía ORT [si] || [si que::] ||

Ánxela ORT e ti vas a esa zona e quedas+te:: [{<asentimento> hum hum}] ||

Fátima ORT [todo é gallego claro] | [si] ||

Ánxela ORT [e ó] final é todo gallego ||

Fátima ORT si | pero solo lle dan valor | ó normativo ||

Para as participantes, a lexitimidade das formas lingüísticas parece derivar sobre todo do uso: “ao mellor non é estándar pero en verdá [...] si que se usa moito”, e non vén imposta desde arriba, mediante ese patrón de corrección elitista (ideoloxía do estándar), nin deriva da súa “pureza”, é dicir, da súa proximidade a un estado esencializado de lingua (purismo). Por outro lado, revalorízanse certas prácticas que foron rebaixadas e mesmo expulsadas do “galego”, chamándolles “castrapo”, por exemplo. As persoas participantes, en cambio, contestan esta expropiación lingüística e recuperan a pluralidade da lingua: “ó final todo é gallego”. Neste sentido, co comentario de “pero solo lle dan valor ó normativo”, tamén demostran ter conciencia de que colocar o estándar por riba das demais variedades é unha acción ideolóxica, da que sinalan os axentes “(eles) solo lle dan”. Aos poucos, empézase a quebrar a noción de que o estándar é a “lingua verdadeira”. Será que se moven os marcos da monoglosia?

5 Conclusións

Con este traballo pretendíamos explorar as ideoloxías lingüísticas desestandarizadoras na mocidade galega universitaria. Os resultados mostran que, efectivamente, podemos falar de tendencias á desestandarización tamén en Galiza, mais, como sinalaban xa Coupland e Kristiansen (2011) e Kristiansen (2021), isto non quere dicir que se cuestione frontalmente a

lexitimidade do estándar, senón que máis ben implica unha apertura á variación e unha certa complexización das dinámicas entre o estándar e o vernáculo, de xeito que mudan as tradicionais distribucións sociais, usos e representacións de cada un.

A través da análise das discusións metalingüísticas do noso corpus, fixemos visíbel, en primeiro lugar, a forza que aínda ten o conxunto de ideoloxías lingüísticas dominantes, isto é, a cultura da monoglosia (Del Valle, 2000), que se alicerza na existencia dun único modelo de corrección elitista cara ao que todas as prácticas lingüísticas deberían converxer (“ten que haber unhas normas | simplemente pa que te guíes”, “hai que limitar | no sentido de que: | a normativa bueno está aí”) Desta maneira, a necesidade dunha lingua estándar preséntase como algo incuestionábel nunha sociedade moderna como a nosa (Kristiansen, 1998; Gal, 2018), canto menos para usos formais (“en tódo-los IDIOMAS ten que haber un: estándar”, “sobre todo pa cousas oficiais”). Alén diso, é moi común unha concepción esencialista da lingua (“a lingua é como un río | <0.8> | (EXH) | {(DC) se non ten marxes | desaparece}”), de xeito que se concibe a variedade estándar como a única forma correcta de falar unha lingua («eu non falo un: galego correcto | non digo::: “tesoiras” | digo “tixeiras” | digo “sartén” | e non “tixola”»).

Tamén se manifestan, debido á situación de contacto lingüístico en Galiza, actitudes puristas contra elementos procedentes do castelán (“limpia-lo [o galego] de tal pa que fora máis PURO”, “si | máis gallego”, “volver aos nosos orixes”). Isto conduce a representar negativamente o contacto lingüístico (“invasión”, “plaga”) e a estigmatizar os vernáculos, acusados de variedades “impuras” e “descoidadas” (“un galego así un pouco raro e {(risas) mezclado co castellano}”, “descuidan un pouco a lingua”). O purismo (Thomas, 1991) xustifícase na maioría dos casos como necesario para o galego manter unha identidade diferencial respecto do castelán e, así, o seu status de lingua lexítima “á altura” das linguas dominantes (Costa, De Korne & Lane, 2018: 11) (“pero | cada vez haberá | máis palabras en castelán | que non terán | <0.7> | nada que ver”, “é un río que se desborda”).

Por outro lado, prodúcese frecuentemente un choque entre o que Woolard (2008) chama ideoloxía do anonimato e ideoloxía da autenticidade. O galego estándar toma a súa autoridade do anonimato, como a lingua “autorizada”, a “lingua” por definición, un produto da aprendizaxe formal que é, por iso, fonte de capital cultural (“falan un galego APRENDIDO”, “falar con rigor”). Porén, por isto mesmo, o estándar crea un conflito en moitos falantes, pois sénteno como unha variedade allea (“queda lonxano á xente” “¿quen di padiola?”), ou mesmo, nalgún caso, como unha ameaza para a variación lingüística (“ó final todo é gallego”, “pero

solo lle dan valor | ó normativo”). Deste xeito, emerxen ideoloxías da autenticidade que reivindicán os vernáculos en base aos seus vínculos con identidades de grupo, locais e de clase (“é como falas en cada sitio e é:: chulo”, “falan a SÚA lingua”).

En segundo lugar, mostramos que, a pesar do estendidas que están as ideoloxías estandarizadoras, están a aparecer discursos diverxentes dos establecidos polo poder. Desta forma, é evidente unha apertura á variación lingüística (“a min parece+me | <0.5> | que enriquece | <0.6> a lingu# | a gheada e todo”), a pesar de que por veces o estándar segue sendo simbolicamente considerado por encima das outras variedades («¿“ontes”? | en vez de “onte”»). As contradicións, neste sentido, son frecuentes, e as persoas participantes, aínda que intentan resistir a cultura da monoglosia, encontran dificultades para saíren do marco ideolóxico dominante (“no Land Rober [...] | descuidan un pouco a:: lingua | en si | pero bueno | po-lo menos | falan | como:: | como:: falamos en verdá”).

Aínda que a variedade estándar sexa comunmente vista como a “única posibilidade”, unha práctica de “sentido común”, en ámbitos de poder como a Universidade (“nun ámbito máis académico intento:: | <0.7> | o sea | cuidar as formas”) ou a escritura formal («á hora da escrita todo correctiño ¿non? | eu escribo “GALEGO”»), en ámbitos informais e na oralidade, en cambio, a súa lexitimidade é cuestionada (“¿pero na oralidade? | ¡bueno ho! | {(risas) <incerto> ¡que el cuerpo varía!}”, “[no Whatsapp] escribes así como veña”). Isto é, observamos algunhas tentativas de establecer, dalgunha maneira, un criterio de distribución e valoración das variedades máis funcional ou baseado en cualidades como apropiado/inapropiado ao contexto (“eu diferencio a oralidade da ESCRITA”, “se se entende o que pon | ¡pois xa está”) e menos na corrección absoluta. De feito, este criterio de corrección elitista até é rexeitado de pleno nalgunhas ocasións (“tampouco é BEN ou MAL | en plan: | simplemente é normativo ou non normativo”, “¿e cal é o galego perfecto?”), a favor dunha organización da variación lingüística máis democrática (“a lingua [...] como que debería ser máis das personas | <0.4> | [...] de a pé”, “ó final todo é gallego”).

